

Resumo de temas tratados na Asemblea

- Comedor: Firmado contrato ANPA-EUREST para este curso 2010-2011.
A falta de participación dos usuarios do comedor na súa xestión, está poñendo en perigo a continuación deste servizo.
- Madrugadores: O Concello farase cargo da xestión de Madrugadores ao longo deste curso 2010-2011
- Os alumnos que precisen atención educativa específica, non poderán recibir á atención necesaria que precisan e polo menos 20 deles non recibirán o reforzo educativo que precisan.
- A Dirección do Centro está a traballar en mellorar a asignatura de AED (Alternativa) que agora mesmo cursan 205 alumnos deste Centro.
- O colexio dispón 1 administrativo para 905 alumnos, cando por lei lle corresponderían 2 polo menos. A Consellería non cumpriu a súa promesa de amañar este tema para este curso 2010-2011.
- Farase un simulacro de evacuación ao longo deste primeiro trimestre.
- O novo colexio de infantil converterase nun dos obxectivos principais da xestión da nova xunta directiva, xa que se considera que é a raíz de tódolos problemas de masificación.
- Axendas Escolares (2º e 3º ciclo). Incídese na importancia da colaboración dos pais no bo funcionamento da Axenda Escolar, cara ao proceso de implantación da mesma.
- Coidadora infantil. O posto de “coidadora” de infantil que nos últimos anos ofrecía o Concello non está cuberto a día de hoxe. Isto supón un paso atrás na xestión da área de infantil (cerca de 300 nenos) que sen o apoio desta persoa faise completamente inviable e de consecuencias imprevisibles.

MARCADOR CESION TERREOS	
ANOS	MESES
3	8

Este marcador irá contando, mes a mes, o tempo transcorrido dende que o Concello de Betanzos decidiu expropiar os terreos para o novo colexio de infantil ata que os ceda á Xunta de Galicia, para a súa construción.

novo colexio infantil, realidade ou ficción?

Hai algo máis dun ano, concretamente en xuño de 2009, a ANPA Brigantium, conseguía un compromiso de intencións por parte da Alcaldía de Betanzos:

- *Setembro 2009, data estimada para a cesión, por parte do Concello, dos terreos á Xunta de Galicia.*
- *Xuño 2010, redacción do proxecto e licitación da obra.*
- *Setembro 2011, inauguración do colexio de infantil con 18 unidades, e dicir, 475 prazas.*

Todo parece indicar que se trataba de fogos de artifício, a día de hoxe nin sequera están cedidos os terreos.

Cando isto suceda, e xa estean os terreos nas mans da Xunta de Galicia, aínda quedará por redactar o proxecto, logo haberá que licitalo, logo haberá que licitar as obras e máis tarde, o principal, construír o colexio.

Tal e como estamos hoxe, non podemos afirmar que a maior preocupación da Alcaldía sexa ter un ensino de calidade na súa cidade. Pola nosa parte, e despois de infinidades de reunións infrutuosas, so nos queda cruzar os dedos para que non ocorra ningunha desgraza no centro masificado.


Masificación (905 alumnos)

Ninguén discute que é practicamente imposible impartir e recibir un ensino de calidade, con estas cifras. Pero algunha vez nos paramos a pensar que danos colaterais carrega un colexio mega-masificado coma o noso?.

- ✗ Temos 62 profesores para 905 alumnos. Se fóssemos 650 alumnos probablemente teriamos o mesmo número de profesores (62), xa que a Xunta no reparto de profesorado non ten en conta o número de alumnos senón o número de unidades do colexio.
- ✗ Temos menos inversión real/alumno que nun centro máis pequeno (é dicir, a maioría).
- ✗ Temos enormes dificultades para informatizar as aulas e moita menor dotación de recursos informáticos e audiovisuais/por alumno.
- ✗ Temos liñas de transportes cheas ou saturadas.
- ✗ Temos falta de mobiliario adecuado.
- ✗ Temos falta de limpeza adecuada.
- ✗ Temos falta de aulas para desenvolver outras actividades.
- ✗ Temos o nenos de 2º e 3º ciclo, sen saír ao patio saír ao patio, en días de auga.
- ✗ Temos limitado o acceso ao préstamo de libros na Biblioteca para os rapaces do 1º ciclo.
- ✗ Temos os nenos apiñados nas aulas.
- ✗ Temos Acumulación de tensión entre os nenos e entre o profesorado.
- ✗ Corremos moitos máis risco en caso de evacuación por emerxencia.
- ✗ Temos recortes nas actividades extraescolares.
- ✗ Temos 1 pavillón para 905 alumnos, 1 biblioteca para 905 alumnos, 1 aula de música para 905 alumnos, etc, etc, etc.



Evolución das actividades extraescolares ADC



Unha das causas do considerable incremento que, ano tras ano, veñen experimentando as inscricións nas actividades extraescolares organizadas pola ADC, sen dúbida ten que ver coa percepción positiva que tanto nenos como pais teñen das mesmas.

Sen embargo son moitos, todavía, os problemas que hai e moita tamén a capacidade de mellora.

Simplemente mirando a gráfica pódese ver que a única actividade que baixou en inscricións foi patinaxe. E ninguén dubida, a día de hoxe, que a falta de instalacións axeitadas están detrás deste problema.

A falta de instalacións axeitadas e suficientes, xunto coa masificación do colexio, está orixinando que a capacidade da ADC para ofertar actividades chegara, practicamente, ao seu límite. A ecuación é sinxela ou aumentamos o número de instalacións ou a calidade das actividades extraescolares acabará resentíndose.

A involucración do Concello na xestión e coordinación das instalacións deportivas é de vital importancia para resolver este tema. Esta agrupación ten capacidade para ofertar máis e mellor, pero non ten onde.

A Dirección do Colexio é a outra peza fundamental deste puzzle. A liña de colaboración establecida dende o curso pasado está dando os seus froitos e o seu compromiso cara estas actividades merece unha mención neste boletín.

Resumo temas tratados no último Consello Escolar (19-10-10)

Próximas eleccións ao Consello Escolar

A limpadora que está de baixa segue sen ser substituída e a "coidadora de infantil" non se incorporou.

Aprobación da utilización (por razóns humanitarias ou de conciliación familiar) do transporte escolar para alumnos por non teñen dereito ao mesmo, por razóns de lugar de residencia.

Aprobase a Programación Xeral Anual e os seus obxectivos

Solicitar a continuación da xornada única de mañá.

Optimizar os recursos das Actividades Extraescolares organizadas pola ADC Vales Villamarin e polo ANPA Brigantium.

Revisar o Proxecto Educativo do Centro.

Continuar traballando na mellora das infraestructuras do Centro.

Solicitar a inmediata construción do Novo Centro de Infantil.


Solicitar a implicación de todos os sectores de comunidade educativa

Solicitar o segundo Auxiliar Administrativo

Mellora e potenciación da páxina web

Aprobación do Programa de Deporte Escolar da Xunta de Galicia "XOGADE": Actividade lúdica no propio centro"

Parabéns para o Concello



O concello vén de amañar, practicamente, a totalidade das deficiencias presentadas pola ANPA en novembro de 2009

Boletín para os pais/nais

novembro 2010



Imaxe da asemblea celebrada o 22 de outubro

Remata o prazo para facerse socio/a da ANPA Brigantium
data límite: 15 de novembro

ANPA Brigantium

Anímate a facernos suxestións ou queixas a través do noso enderezo electrónico
e-mail: anpabrigantium@gmail.com

Visita o noso Blog:
<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>



CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN